

MANUEL QUINTÁNS QUEIRUGA, EN CALIDADE DE SECRETARIO XERAL DO CONCELLO DE SILLEDA (PONTEVEDRA), POR MEDIO DA PRESENTE

CERTIFICO:

Que, o **Pleno da Corporación**, en sesión extraordinaria celebrada o **día dezaoito de decembro de dous mil doce**, cos votos a favor dos membros do grupo municipal do PSdeG-PSOE e do Grupo Mixto (7) e os votos en contra dos membros do grupo municipal do PP (6) aprobou o seguinte acordo que na súa parte dispositiva establece:

APROBACIÓN INICIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA.

O PLENO, visto o expediente tramitado para aprobación do **Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda**, visto o informe previo á aprobación inicial do **Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda** "(ó abeiro do art. 85,1º da L.9/2002 LOUGA.) de data 30 de xullo de 2012, asinado pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, en exercicio da competencia establecida no artigo 22, 2º,c e artigo 47,2º II da Lei 7/1985, 2 de abril reguladora de bases de réximen local e segundo o procedemento regulado nos artigos 84 e 85 e en aplicación do artigo 77 da Lei 9/2002, 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre evaluación de efectos de determinados plans e programas no medio ambiente, vista a proposta da Alcaldesa de 14 de decembro de 2012, segundo o dictamen favorable da Comisión Especial de Contas e Informativa de Economía, Facenda, Réximen Interior, Urbanismo, Medio Ambiente e Medio Rural de 14 de decembro de 2012 (segundo a Proposta da Alcaldesa de 14 de decembro de 2012 e o informado verbalmente na sesión da comisión polo arquitecto asesor do concello Lino Doperto Framil), por maioria absoluta do número legal da corporación (votos en contra seis : seis votos dos concelleiros do grupo m. PP; abstencións: ningunha; votos a favor sete : seis votos dos concelleiros do grupo m. PSdeG-PSOE, e un voto do concelleiro do grupo m.Mixto), aproba este ACORDO:

Vista a documentación obrante no expediente administrativo tramitado polo concello para a aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal .

Vista a seguinte documentación elaborada por EPTISA de data novembro 2012 :
Constan tres caixas con varios volúmenes en cada una de ellas; estas caixas se identifican externamente así :

- "EPTISA . Concello de Silleda. Pontevedra. Plan Xeral de Ordenación Municipal. Caixa Tomo I de III. Aprobación inicial . Noveembro 2012."
- "EPTISA. Concello de Silleda. Pontevedra. Plan Xeral de Ordenación Municipal. Caixa Tomo II de III. Aprobación inicial . Novembro 2012."

- "EPTISA. Concello de Silleda. Pontevedra. Plan Xeral de Ordenación Municipal. Caixa. Tomo III de III. Aprobación inicial . Novembro 2012."

- Visto que consta no expediente oficio da Alcaldesa de 28 de maio de 2012 (rex saída concello 28-05-2012, nº 1358, rex entr Xunta de Galicia 29-05-2012) de remisión do expediente do **Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda** á **Secretaría de Ordenación do Territorio e Urbanismo, Subdirección xeral de Urbanismo**, Santiago de Compostela, para emisión de informe previo para a aprobación inicial , segundo o art. 85,1º da L.9/2002 LOUGA.

- Visto que consta no expediente "Informe previo á aprobación inicial do **Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda** ", ó abeiro do art. 85,1º da L.9/2002 LOUGA.., de data 30 de xullo de 2012, asinado pola **Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo** (por delegación do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras). Exp : "PTU-PO-08/042. Silleda-Pontevedra. 2º IPAI PXOM ", (Consta oficio de remisión ó concello de 30 de xullo de 2012 , rex saída Xunta 30-07-12, nº 23 322, e rex entr concello 01-08-2012, nº 4082) , en que se fai referencia a que o 24 de xuño de 2009 xa se emitiu un primer informe previo, e fai referencia tamén a que a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental emite o Documento de Referencia para a avaliación ambiental estratéxica , que sustitúe ó emitido o 13-07-09. Sinala a afección de proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal : Parque eólico Masgalán, Parque eólico Couto de San Sebastián, e Aprovechamiento hidroeléctrico del río Deza.

Indica que se analiza neste informe a documentación do PXOM de Silleda, redactado por EPTISA con data febreiro de 2012.. Ó longo del informe vai sinalando as correccións que deben realizarse polo concello no PXOM remitido a esta consellería .

- Visto que consta informe técnico do arquitecto asesor do concello Lino Doperto Framil de data 18 de abril de 2012 : " Informe dos servizos técnicos municipais respecto da conformidade coa lexislación vixente e a calidade técnica da ordenación proxectada no **Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda**", que se transcribe :

" Informe dos servizos técnicos municipais respecto da conformidade coa lexislación vixente e a calidade técnica da ordenación proxectada no Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda"

1-FINALIDADE E ALCANCE DO INFORME

1.1Emítense o presente informe técnico en resposta ao providencia de Alcaldía do Concello de Silleda, de día 20 de marzo de 2012, ao abeiro do establecido no art. 85.1.da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUGA) e posteriores modificacións, no que se indica que: "Os servizos técnicos e xurídicos municipais deberán emitir informe respecto da conformidade do plan coa lexislación vixente e a calidade técnica da ordenación proxectada".

1.2Trátase dunha análise previa e non exhaustiva da documentación, a maneira de control para subsanación de errores significativos que puidesen invalidar posteriores fases da tramitación. Non se incide en cuestións de tipo discrecional, ou de oportunidade, das ordenacións propostas, que non son propriamente o seu obxecto. A Consellería competente en materia de Urbanismo da Xunta de Galicia deberá levar a cabo o control da legalidade do documento (artigo 227.2 da LOUGA) no seu informe previo á aprobación inicial (artigo 85.1 da LOUGA) e no acto da aprobación definitiva (artigo 85.7.b da LOUGA).

2-NORMATIVA DE APLICACIÓN

2.1Decreto 19/2011 de 10 de febreiro polo que se aproban definitivamente as directrices de ordenación do territorio (DOG 22/02/2011)

2.2 Normas complementarias e subsidiarias de Planeamento da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra. (Resolución de 14 de maio de 1991, Consellería de Ordenación de Territorio e Obras Públicas).

2.3 Lei 9/2002, de 30 de Decembro de Ordenación Urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Leis: 15/2004 de 29 de Decembro, Lei 6/2007 de 11 de maio, Lei 3/2008 de 23 de maio, Lei 6/2008 de 19 de xuño, Lei 18/2008 de 29 de decembro, a lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a lei 15/2010, de 28 de decembro de medidas fiscais e administrativas.

2.4Lei estatal 9/2006 sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.

2.5Directiva 2001/42/CE relativa a avaliación dos efectos de determinados plans e programas no entorno.

2.6Lei 6/2007 de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.

2.7Lei 6/2008 de medidas urxentes en materia de vivenda e solo.

2.8Decreto 2159/1978, polo que se aproba o Regulamento de Planeamento Urbanístico

2.9Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística.

2.10Real Decreto lexislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da lei do solo.

2.11Real Decreto 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións da Lei do Solo.

2.12Real Decreto-ley 8/2011, de 1 de xullo, de medidas de apoio aos debedores hipotecarios, de control do gasto público e cancelación de débedas con empresas autónomas contraídas polas entidades locais, de fomento da actividade empresarial e impulso da rehabilitación e de simplificación administrativa.

2.13Real Decreto de 24 de xullo de 1889, polo que se aproba o Código Civil.

2.14Instrucción 1/2011, de 12 de abril, para a aplicación da lei 2/2010, de 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de galicia.

2.15Decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.

2.16Concordantes.

3-ANTECEDENTES

3.1O Concello de Silleda dispón na actualidade dun plan Xeral de Ordenación Urbana aprobado definitivamente por Orden de 04 de xuño de 1981, con seis modificacións puntuais. En desenvolvemento do PXOU aprobouse o Plan Parcial Parque Empresarial Área 33, aprobado definitivamente en data 22 de outubro de 1991, con dúas modificacións puntuais.

3.2En data 24 de xuño de 2009 emítese informe previo á aprobación inicial da revisión do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda (Pontevedra), emitido pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia, no que se sinalan certas carencias documentais de diversa índole.

3.3O 4 de outubro de 2010 remitiuse anteproyecto de planeamento ao órgano ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, constando Resolución da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental pola que se aproba o documento de referencia para a avaliação ambiental estratéxica do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda (Clave: 2010AAE0026) emitida en data 17-novembro-2010.

4-ANÁLISE DO CONTIDO DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA

4.1A documentación presentada compónse dos seguintes tomos e documentos:

TOMO I:

▲ Memoria xustificativa dos seus fins e obxectivos, onde se describe a ordenación presentada e as solucións de xestión articuladas como respostas ás necesidades detectadas, e se xustifica o cumprimento da lexislación e normativa aplicable.

▲ Estudo do Medio rural, que recolle a información para fundamentar as decisións relativas á ordenación do solo rústico.

▲ Análise do modelo de asentamento poboacional, no que se realiza estudo sobre os núcleos rurais para a súa ordenación, conservación e mellora.

▲ Informe de sustentabilidade ambiental, no que se plasma a análise e ponderación dos efectos da execución e do desenvolvemento das determinacións do PXOM sobre os recurso naturais e o medio físico, así como a adopción das medidas correctoras necesarias para minimizar os seus impactos.

▲ Normas Urbanísticas, relativas aos usos, sistemas xerais, e normas e ordenanzas para cada unha das categorías ou zonas establecidas polo plan en cada clase de solo.

▲ Estratexia de actuación.

▲ Estudo económico.

▲ Informe ou memoria de sustentabilidade económica, onde se pondera o impacto das actuacións do PXOM nas facendas públicas afectadas pola implantación e o mantemento das infraestruturas necesarias ou a posta en marcha e prestación de servizos resultantes, así como a suficiencia e adecuación do solo destinado a usos produtivos.

TOMO II:

- ▲ Planos de información, relativos a datos xerais do termo municipal e estado actual dos núcleos rurais e do solo urbano.
- ▲ Planos de Ordenación, do termo municipal e dos núcleos rurais.

TOMO III:

- ▲ Catálogo de elementos a protexer ou recuperar, identificados e descritos en fichas individualizadas e que o PXOM somete a protección en atención ao seu valor como patrimonio cultural ou paisaxístico.
- ▲ Análise do modelo de asentamento poboacional, no que se realiza un estudo sobre os núcleos rurais para a súa ordenación e mellora.

5-COMPROBACIÓN DO CONTIDO E DETERMINACIONES

5.1Determinacións de carácter xeral:

5.1.1O ámbito do PXOM abrangue exclusivamente o termo municipal de Silleda (Pontevedra), clasificando o solo para o establecemento do réxime xurídico correspondente, definido os elementos fundamentais da estrutura xeral adoptada para a ordenación urbanística do territorio e establecendo as determinacións orientadas a promover o seu desenvolvemento e execución, segundo se deduce do exame da documentación que o integra.

5.1.2O contido do PXOM semella congruente cos fins que neles se determinan, establecendo como obxectivos xerais frear a dispersión edificatoria e fomentar a consolidación e mellora das áreas edificadas, fomentar os desenvolvimentos colindantes coas áreas consolidadas e dimensionar estes ámbitos con criterios viables e realistas acordes coas previsións de crecemento; completar e mellorar a estrutura territorial, preservar os valores naturais e culturais que áinda subsisten, conservar os núcleos rurais de poboación, conservar e recuperar o patrimonio construído, completar as estruturas urbanas, equilibrar as densidades urbanas.

5.1.3O PXOM como instrumento básico de ordenación integral do territorio, clasifica o solo atendendo aos criterios establecidos nos artigos 10 ao 15 da LOUG, determinando o réxime aplicable a cada tipo de solo, e dividindo o termo municipal nas seguintes clases de solo:

- ▲ Solo Urbano.
- ▲ Solo de Núcleo Rural.
- ▲ Solo Urbanizable.
- ▲ Solo Rústico.

5.1.4.Ao mesmo tempo establece a estrutura xeral e orgánica do territorio integrada polos sistemas xerais que constitúen os elementos determinantes do desenvolvimento urbano; o PXOM distingue no municipio de Silleda os seguintes sistemas xerais:

- ▲ Sistemas xerais de comunicacións e a súas zonas de protección.
- ▲ Sistema xeral de espazos libres e zonas verdes públicas.
- ▲ Sistema xeral de equipamento comunitario público.
- ▲ Sistema xeral de servizos urbanos.

5.1.5Os criterios establecidos no PXOM de Silleda, semellan coherentes coas determinacións establecidas nas directrices de Ordenación do Territorio de Galicia. 5.1.6.A ordenación establecida pretende garantir a coordinación dos elementos fundamentais dos respectivos sistemas xerais, mediante a priorización de actuacións contidas no documento de “Estratexia de actuación”.

5.2Determinacións en Solo urbano Consolidado (SUC).

5.2.1.Do exame da documentación presentada, dedúcese que as determinacións en solo urbano consolidado, establecense segundo o artigo 54 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e posteriores modificacións.

5.3Determinacións en Solo Urbano Non Consolidado (SUNC).

5.3.1.Do exame da documentación presentada, dedúcese que as determinacións en solo urbano non consolidado, establecense segundo o artigo 55 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e posteriores modificacións.

5.4.Determinacións en Solo de Núcleo Rural (SNR).

5.4.1Do exame da documentación presentada, dedúcese que as determinacións en solo de núcleo rural, establecense segundo o artigo 56 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e posteriores modificacións.

5.5Determinacións en Solo Urbanizable Delimitado (SUD).

5.5.1Do exame da documentación presentada, dedúcese que as determinacións en solo urbanizable delimitado, establecense segundo o artigo 57 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e posteriores modificacións.

5.6Determinacións en Solo Rústico (SR).

5.6.1Do exame da documentación presentada, dedúcese que as determinacións en solo rústico, establecense segundo o artigo 59 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e posteriores modificacións.

5.7.Estratexia de actuación e estudo económico.

5.7.1O PXOM contén documentos titulados “Estratexia de actuación”, “Estudo económico” e “Informe ou memoria de sustentabilidade económica”, nos que se establecen a estratexia para o desenvolvemento do plan e, en particular, determinar a execución dos sistemas xerais que deban crearse necesariamente para o desenvolvemento das áreas de solo urbano non consolidado e dos sectores de solo urbanizable delimitado, e todo elo tendo en conta a dinámica demográfica do concxunto municipal nos últimos anos, así como a dinámica do concxunto habitacional.

5.7.2Tamén se determinan os ámbitos de actuación preferente en solo urbano non consolidado e en solo urbanizable delimitado, fixando os prazos e condicións en que

Páxina 6 de 20

teñan que ser executadas as actuacións públicas programadas ou privadas concertadas cos particulares, así como as determinacións da ordenación detallada sen necesidade de remisión ao plan de desenvolvemento.

5.7.3.Ao mesmo tempo o PXOM contén a avaliación do custo de execución dos sistemas xerais e das actuacións previstas, xustificando as previsións que deban de realizarse con recursos propios do Concello.

6-COMPROBACION DO CUMPRIMENTO DOS LIMITES DE SUSTENTABILIDADE.

6.1Solo urbano consolidado (SUC).

6.1.1.A ordenación establecida polo PXOM en solo urbano consolidado, e segundo se expón no mesmo, pretende fomentar a conservación e recuperación do patrimonio construído, dos espazos urbanos relevantes, dos elementos e tipos arquitectónicos singulares, das formas tradicionais de ocupación do solo e dos trazos diferenciais ou distintivos que conforman a identidade local. Ao mesmo tempo a ordenación fomenta a conservación das tramas tradicionais existentes que áinda manteñen este carácter.

6.1.2.Do mesmo xeito, indícase que a ordenación proposta trata de buscar o equilibrio entre as densidades de edificacións existentes e as novas, coa finalidade de establecer unha densidade urbana adecuada, buscando a coherencia das tipoloxías arquitectónicas propostas coas características do entorno en canto altura, volume e fondos edificables.

6.1.3.Simultaneamente semella que a ordenación establecida procura manter as tramas urbanas existentes, fomentando que as edificacións de nova planta, así como as obras de reforma, rehabilitación ou ampliación das existentes, sexan coerentes coa tipoloxía arquitectónica característica co contorno, en particular en canto á altura, volume e fondo edificable.

6.2Solo urbano non consolidado (SUNC) de uso residencial, hoteleiro ou terciario.

6.2.1Segundo o artigo 46.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e posteriores modificacións, en solo urbano non-consolidado o planeamento non poderá conter determinacións das que resulte unha superficie edificable total superior a 0'85 metros cadrados edificables por cada metro cadrado de solo (ao tratarse dun municipio con poboación superior a 5.000 habitantes e inferior a 20.000 habitantes). Estas determinacións xustifícanse adequadamente no PXOM mediante diversos cadros.

6.3Solo urbanizable delimitado (S UBLE) de uso residencial, hoteleiro ou terciario.

6.3.1Segundo o artigo 46.3 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e posteriores modificacións, en solo urbanizable delimitado o planeamento non poderá superar os niveis de intensidade dos que resulte unha superficie edificable total superior a 0'60 metros cadrados edificables por cada metro cadrado de solo (ao tratarse dun municipio con poboación superior a 5.000 habitantes e inferior a 20.000 habitantes), constando no PXOM cadros xustificativos do cumprimento de ditas determinacións.

6.4Solo urbano non consolidado (SUNC) e solo urbanizable delimitado (S UBLE) de uso industrial.

6.4.1Segundo o artigo 46.5 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e posteriores modificacións, en solo urbano non consolidado e solo urbanizable de uso industrial, non se permitirá unha ocupación do terreo polas construcións superior ás dúas terceiras partes da superficie do ámbito.

7-COMPROBACION DO CUMPRIMENTO DOS ESTANDARES DE CALIDADE DE VIDA E COHESIÓN SOCIAL

7.1Sistemas xerais.

7.1.1O PXOM, segundo se recolle no mesmo, establece as reservas de solo necesarias para a implantación dos sistemas xerais ou conxunto de dotacións urbanísticas ao servizo predominante do conxunto da poboación do municipio de Silleda, diferenciando entre o sistema xeral de espazos libres e zonas verdes de dominio público e o sistema xeral de equipamento comunitario de titularidade pública, de acordo coas determinacións do artigo 47.1 da LOUG.

7.2Sistemas locais en solo urbano non consolidado (SUNC) e solo urbanizable delimitado (SD).

7.2.1O PXOM, segundo se recolle no mesmo, establece en solo urbano non consolidado e en cada sector de solo urbanizable delimitado, as reservas de solo necesarias destinadas a dotacións públicas locais, diferenciando entre o sistema de espazos libres públicos, o sistema de equipamentos públicos e as prazas de aparcamento de vehículos, de acordo coas determinacións do artigo 47.2.a) e c).

7.3Reserva de solo para Dotación Autonómica, para construcción de vivendas de protección.

7.3.1No PXOM consta xustificación do cumprimento das reservas mínimas de solo con carácter de dotación autonómica, para implantación de ditas reservas ao servizo da Xunta de Galicia e para favorecer o acceso da poboación mas desfavorecida a vivendas de promoción pública.

8-COMPROBACION DA CALIDADE TECNICA DA ORDENACION PROXECTADA

8.1Adaptación ao ambiente.

8.1.1O PXOM contén no documento titulado “informe de sustentabilidade ambiental”, un plan de medidas preventivas e correctoras que se consideran necesarias para minimizar, compensar ou cambiar a condición dos impactos ou riscos que poidan derivar da execución das determinacións que establece o PXOM.

8.2Protección de vías de circulación.

8.2.1De acordo co modelo de asentamento poboacional e coas características do viario e

do tráfico actual, proponse manter o sistema viario actual, incorporando unha serie de actuacións que permitan resolver os problemas de tráfico, mellorar a mobilidades no termo municipal e nos núcleos de poboación, buscando a optimización das infraestruturas existentes fronte á construcción de novas infraestruturas viarias, co obxectivo de fomentar tamén a sustentabilidade económica.

8.2.2En relación co sistema viario e transporte, o obxectivo fundamental do PXOM e segundo consta no mesmo, baséase en mellorar a accesibilidade e a mobilidades no termo municipal. Para a consecución deste obxectivo óptase pola elección dunha alternativa sustentable que conxugue o fomento do transporte público coa optimización do viario existente adecuando á resolución dos problemas citados, fronte á construcción de novas infraestruturas viarias, co obxectivo de fomentar tamén a sustentabilidade económica.

8.3Normas de calidade urbana.

8.3.1As edificacións deberán cumplir co Decreto 29/2010 do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas en Galicia, como garantía do cumprimento das condicións mínimas de habitabilidade, salubridade e funcionalidade das vivendas, con prohibición de usos residencias en sotos e semisotos recollida na Normativa Urbanística do presente PXOM (Normas de edificación e uso para vivendas e usos residenciais).

8.3.2Tendo en conta os criterios previstos no PXOM de ordenación en solo urbano non consolidado e urbanizable, as vías principais de nova apertura deseñáronse cunha anchura igual ou superior ós 16 metros.

8.3.3Segundo conta no PXOM, a ordenación establecida procura unha razoable e equilibrada articulación dos usos, actividades e tipoloxías edificatorias, intentando a repetición de solucións urbanísticas e de tipoloxías edificatorias idénticas. Neste sentido nas ordenanzas reguladoras contidas na Normativa Urbanística do presente PXOM, establecense as tipoloxías, características e uso pormenorizados aplicables a cada unha das zonas en que se dividiu o solo urbano, en función das súas características morfolóxicas, tipolóxicas e funcionais.

8.3.4.Ao mesmo tempo, e coa finalidade de eliminar e impedir a formación de barreiras arquitectónicas na edificación e efectos de garantir nas mesmas a adecuada accesibilidade aos distintos locais e pezas, instalacións ou servizos propios que as componen, o presente PXOM, de conformidade coas determinacións da LASB e RASB, establece os tipos de edificios no que serán de aplicación as disposicións contidas nos textos legais citados.

8.3.5.Para garantir as mellores condicións posibles de soleamento e ventilación natural de vivendas, as altura máximas das edificacións estableceronse en proporción ao ancho das vías e dos espazos libres, segundo consta no PXOM.

En conclusión, e tendo en conta todo o anteriormente especificado, o técnico que suscribe estima axeitada a documentación presentada aos efectos de proceder á tramitación correspondente.

O que se informa dende o punto de vista técnico, ao leal saber e entender do técnico que suscribe, sen prexuízo doutro criterio mellor fundamentado, en Silleda, a 18 de abril de 2012 (asinado) Lino Manuel Doporto Framil, arquitecto."

- **Visto que consta informe xurídico da secretaria xeral do concello de data 19 de abril de 2012 (rex entr concello 19-04-2012, nº 2203) : " Plan xeral de Ordenacion Municipal de Silleda. Trámite : remisión para informe previo á aprobación inicial pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras (consellería competente en materia de urbanismo) ", en canto á elaboración e aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal.**

- **Visto que consta no expediente informe técnico do arquitecto asesor do concello Lino Doporto Framil de data 07 de decembro de 2012 : "Informe dos servizos técnicos municipais sobre o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda previo á aprobación inicial ", no que se remite a su informe de fecha 18 de abril de 2012, , e analiza o cumprimiento dos requerimientos efectuados no informe previo á aprobación inicial de 30 de xullo de 2012 asinado pola Secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo á vista da documentación modificada presentada pola empresa redactora EPTISA SA presentada con rexistro de entrada no concello o 22 de novembro de 2012. Conclúa o arquitecto neste informe : " 4- Conclusión. En conclusión e tendo en conta que o documento que se me amosa para informe técnico recolle, salvo erro u omisión involuntarios, todas as indicacións sinaladas no Informe Previo a Aprobación Inicial asinado o día 30 de xullo de 2012 pola Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia, o arquitecto que suscribe estima axeitada a documentación presentada aos efectos de proceder á tramitación correspondente, segundo o indicado no punto 3 (pax 54) deste informe". Se transcribe este punto 3 deste informe técnico :**

" 3- TRAMITACIÓN

O artigo 85.2 da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, establece que, unha vez obtido o informe previo para aprobación inicial emitido polo persoal titular da consellería competente en materia de Ordenación do Territorio, o seguinte:

"2. O concello que o formulou procederá á súa aprobación inicial e seguidamente o plan aprobado inicialmente con todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluído o informe de sustentabilidade ambiental, será sometido simultaneamente ás consultas previstas no documento de referencia e ao trámite de información pública durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e en dous dos xornais de maior difusión na provincia. Simultaneamente e durante o mesmo prazo, daráselles audiencia aos municipios limítrofes. Non será precisa a notificación do trámite de información pública aos propietarios de terreos afectados.

3. Ao mesmo tempo que o trámite de información pública, a Administración municipal deberá solicitarles ás administracións públicas competentes os

informes sectoriais que resulten necesarios, que deberán ser emitidos no prazo máximo dun mes, agás que a lexislación sectorial sinale outro prazo.”

Neste sentido, o documento de referencia sinala as seguintes consultas:

“8. Modalidades de información e consulta e identificación das Administracións Públicas afectadas e público interesado

O artigo 9.2 da Lei 9/2006, do 28 de abril, sinala que durante a determinación do alcance do ISA, o órgano ambiental deberá definir as modalidades de información e consulta, así como identificar ás Administracións Públicas afectadas e ao público interesado.

Así pois, a fase de consultas sobre o documento de aprobación inicial do Plan, que incluirá o ISA, será realizada por parte do órgano promotor, como mínimo, ás Administracións Públicas afectadas e ao público interesado que se citan a continuación:

8.1. Administracións Públicas

1. Administración da Comunidade Autónoma de Galicia:

- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:*

*Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.
Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental (en relación á calidade do ISA).*

Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe (respecto da paisaxe e coherencia coas Directrices de ordenación do territorio).

Dirección Xeral de Mobilidade (en canto ás iniciativas de transporte sostible existentes, e programas e plans de mobilidade en curso).

Organismo Autónomo Augas de Galicia no tocante á protección dos recursos hídricos e á súa disponibilidade para os usos previstos polo planeamento e á viabilidade dos sistemas de abastecemento e saneamento en función das demandas estimadas e zonas identificadas con risco de inundación.

- Consellería de Cultura e Turismo:*

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (acerca da conservación e protección do patrimonio cultural).

- Consellería do Medio Rural:*

Dirección Xeral de Montes (acerca da localización de montes veciñais en man comén e de montes públicos; dos instrumentos de xestión de montes existentes; do grao de perigo de incendio e vulnerabilidade da poboación e dos sistemas forestais incluído o risco de erosión).

Dirección Xeral de Conservación da Natureza (acerca dos espazos protexidos e os espazos de interese natural e paisaxístico; dos terreos cinexeticamente ordenados).

Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural (acerca das zonas de especial interese agrario e das zonas en especial risco de abandono; concentración parcelaria).

- Consellería de Economía e Industria:*

Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas (acerca dos usos e aproveitamentos industriais e mineiros).

- Calquera outra Consellería cando a ordenación proposta afecte a bens ou intereses da súa titularidade ou cando a lexislación sectorial correspondente o esixa.

2. Administración Local:

- Deputación provincial de Pontevedra.*

- Concellos de Lalín, Vila de Cruces, A Estrada, Forcarei e Boqueixón.*

8.2. Público interesado

Considérase público interesado afectado pola aprobación do PXOM, de acordo co disposto no artigo 10.2 da Lei 9/2006, do 28 de abril:

1. Toda persoa física ou xurídica na que concorra algúnhha das circunstancias previstas no artigo 31 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As persoas xurídicas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 10.2 b) da Lei 9/2006, do 28 de abril, entre outros:

- Federación ecoloxista galega.*
- Asociación para a defensa ecolóxica de Galicia.*
- Asociación Galicia non se vende.*
- Asociación ecoloxista Verdegaia.*
- Asociación ecoloxista Amigos da Terra.*
- Grupo de Desenvolvemento Rural Terras do Deza.*
- Cámara Oficial Mineira de Galicia.*
- Fundación Galicia Sustentable.*

Esta fase de consultas e a posta a disposición do público do documento aprobado inicialmente, farase durante un prazo de dous meses para o seu exame e formulación de observacións. Será nominal para as Administracións públicas e o público interesado relacionado anteriormente e realizarase mediante inserción dos correspondentes anuncios, que se publicarán na forma que determine a lexislación reguladora do procedemento de aprobación do Plan, para calquera outra persoa física ou xurídica que puidese estar comprendida como público interesado, segundo a definición dada polo artigo 10.2 da Lei 9/2006, do 28 de abril.

8.3. Informe de participación e consultas

O órgano promotor responderá de xeito motivado ás observacións e alegacións que se formulen durante o período de información e consultas, incluídos os informes sectoriais recibidos, e elaborará un documento no que se describa o procedemento seguido e se xustifique como se tomaron en consideración.

Esta descripción do procedemento incluirá:

- Datas de publicación dos anuncios da exposición pública e o período no que se realizou.*
- Relación dos informes sectoriais solicitados e das consultas (administracións públicas e público interesado) establecidas neste DR, obtivesen ou non resposta, indicando expresamente cales foron atendidas e cales non e o número total de alegacións, indicando cantas foron integradas na súa totalidade, cantas denegadas e cantas integradas parcialmente.*

- Copia dos informes sectorias recibidos e das alegacións, non sendo necesario en principio, achegar copia das alegacións presentadas por particulares.”

- Visto que consta no expediente informe da interventora do concello de data 13 de decembro de 2012 : “ Asunto : Aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Silleda” e no que conclúa : “ O proxecto de documento de PXOM contén formalmente o documento comprensivo da Estrategia de Actuación e Estudio Económico (artigos 60,3º e 61,g da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do medio rural de Galicia) así como a memoria de sustabilidade económica. As previsións de fianciamento que haxan de realizarse con recursos do propio Concello e a sustabilidade económica das cargas que supoña a planificación poderán ou non cumplirse ou asumirse na medida en que así se determine nos vindeiros Ornamentos da Corporación .”

- Visto que consta no expediente informe xurídico da secretaria xeral do concello de data 13 de decembro de 2012 (rex entr concello 13-12-2012, nº 6587) : “Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda. Trámite: aprobación inicial “, en canto á elaboración e aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Vistos os artigos 84 e 85 da L.9/2002, 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia no que se **regula o procedemento de aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal**.

Vista a Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre **evaluación de efectos de determinados plans e programas no medio ambiente**.

Visto o artigo 77 da L.9/2002, 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia regulador da **suspensión de licencias** en relación á tramitación de instrumentos de ordenación urbanística

O Pleno , en aplicación da normativa exposta , vista a documentación do expediente tramtado para aprobación do Plan xeral de Ordenación Municipal , visto o informe previo á aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda “, ó abeiro do art. 85,1º da L.9/2002 LOUGA, de data 30 de xullo de 2012, asinado pola Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, visto o informe técnico do arquitecto asesor do concello Lino Doporto Framil de data 18 de abril de 2012 : “ Informe dos servizos técnicos municipais respecto da conformidade coa lexislación vixente e a calidade técnica da ordenación proxectada no Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda”, visto o informe xurídico da secretaria xeral do concello de data 19 de abril de 2012 (rex entr concello 19-04-2012, nº 2203) : “ Plan xeral de Ordenacion Municipal de Silleda. Trámite : remisión para informe previo á aprobación inicial pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras (consellería competente en materia de urbanismo) , visto o informe técnico do arquitecto asesor do concello Lino Doporto Framil de data 07 de decembro de 2012 : “Informe dos servizos técnicos municipais sobre o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda previo á aprobación inicial”, visto o informe da interventora do concello de

data 13 de decembro de 2012 : “ Asunto : Aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Silleda” , visto o informe xurídico da secretaria xeral do concello de data 13 de decembro de 2012 (rex entr concello 13-12-2012, nº 6587) : “Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda. Trámite: aprobación inicial “, segundo o procedemento regulado nos artigos 84 e 85 , e en aplicación do artigo 77 da L.9/2002, 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre evaluación de efectos de determinados plans e programas no medio ambiente, en exercicio da competencia establecida no artigo 22, 2º,c e artigo 47,2º II da Lei 7/1985, 2 de abril reguladora de bases de réximen local , aproba , acadando a maioría absoluta do nº legal, este acordo:

1º Aprobar inicialmente o Plan Xeral Municipal de Ordenación Urbana do Concello de Silleda

Considerando o expediente tramitado e a seguinte documentación elaborada por EPTISA, de data novembro 2012 :

Constan tres caixas con varios volúmenes en cada una de ellas; estas caixas se identifican externamente así :

- “EPTISA . Concello de Silleda. Pontevedra. Plan Xeral de Ordenación Municipal. Caixa Tomo I de III. Aprobación inicial . Novembro 2012.”
- “ EPTISA. Concello de Silleda. Pontevedra. Plan Xeral de Ordenación Municipal. Caixa Tomo II de III. Aprobación inicial . Novembro 2012.”
- “EPTISA. Concello de Silleda. Pontevedra. Plan Xeral de Ordenación Municipal. Caixa. Tomo III de III. Aprobación inicial . Novembro 2012.”

E como consecuencia acórdase suspender a concesión de licencias en aplicación do artigo 77, 2º da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia :

O acordo de aprobación inicial dos instrumentos de ordenación determinará, por si solo, a suspensión do procedemento de outorgamiento de licencias naqueles ámbitos do territorio obxecto de planeamiento cuxas novas determinacións supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente; a estos efectos, determinarase expresamente las áreas afectadas por la suspensión .

A suspensión determinada pola aprobación inicial terá unha duración máxima de dous anos a contar de dita aprobación e en cualquiera caso extinguirase coa aprobación definitiva do planeamiento.

Segundo o informe verbal do arquitecto asesor do concello Lino Doporto Framil na sesión da Comisión especial de Contas e Informativa de Economía, Facenda, Réximen Interior, Urbanismo, Medio Ambiente e Medio Rural de 14 de decembro de 2012, **acórdase que procede a suspensión de licencias de obra maior en todo o término municipal, salvo:**

- No Polígono Industrial Área 33 (fases A e B).
- En solo rústico, en canto á ampliación de estabulacións existentes da Disposición Transitoria Décimoprimeira da L.9/2002 LOUGA.

2º O plan aprobado inicialmente con todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluido el informe de sostenibilidade ambiental, **será sometido simultáneamente ás consultas previstas no documento de referencia e ó trámite de información pública durante un plazo de dous meses**, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e en dous dos periódicos de maior difusión na provincia. Simultáneamente e durante o mesmo plazo, **darase audiencia ós municipios limítrofes**. Non será necesaria a notificación do trámite de información pública ás personas propietarias de terreos afectados.

3º .Ó mesmo tempo que o trámite de información pública, **o concello recabará das administracións públicas competentes os informes sectoriais** que resulten necesarios, que haberán de ser emitidos no plazo máximo dun mes, salvo que a lexislación sectorial señale outro plazo.

Acórdase que solicitaranse , a efectos dos apartados 2º e 3º deste acordo , segundo o informe de 07 de decembro de 2012 e informe verbal do arquitecto asesor do concello Lino Doporto Framil na sesión da Comisión especial de Contas e Informativa de Economía, Facenda, Réximen Interior, Urbanismo, Medio Ambiente e Medio Rural de 14 de decembro de 2012, estos informes :

Neste sentido, o documento de referencia sinala as seguintes consultas:

"8. Modalidades de información e consulta e identificación das Administracións Públicas afectadas e público interesado

O artigo 9.2 da Lei 9/2006, do 28 de abril, sinala que durante a determinación do alcance do ISA, o órgano ambiental deberá definir as modalidades de información e consulta, así como identificar ás Administracións Públicas afectadas e ao público interesado.

Así pois, a fase de consultas sobre o documento de aprobación inicial do Plan, que incluirá o ISA, será realizada por parte do órgano promotor, como mínimo, ás Administracións Públicas afectadas e ao público interesado que se citan a continuación:

8.1. Administracións Públicas

1. Administración da Comunidade Autónoma de Galicia:

- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:

*Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.
Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental (en relación á calidade do ISA).*

Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe (respecto da paisaxe e coherencia coas Directrices de ordenación do territorio).

Dirección Xeral de Mobilidade (en canto ás iniciativas de transporte sostible existentes, e programas e plans de mobilidade en curso).

Organismo Autónomo Augas de Galicia no tocante á protección dos recursos hídricos e á súa disponibilidade para os usos previstos polo planeamento e á viabilidade dos sistemas de abastecemento e saneamento en función das demandas estimadas e zonas identificadas con risco de inundación.

- Consellería de Cultura e Turismo:

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (acerca da conservación e protección do patrimonio cultural).

- Consellería do Medio Rural:

Dirección Xeral de Montes (acerca da localización de montes veciñais en man comén e de montes públicos; dos instrumentos de xestión de montes existentes; do grao de perigo de incendio e vulnerabilidade da poboación e dos sistemas forestais incluído o risco de erosión).

Dirección Xeral de Conservación da Natureza (acerca dos espazos protexidos e os espazos de interese natural e paisaxístico; dos terreos cinexeticamente ordenados).

Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural (acerca das zonas de especial interese agrario e das zonas en especial risco de abandono; concentración parcelaria).

- Consellería de Economía e Industria:

Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas (acerca dos usos e aproveitamentos industriais e mineiros).

- Calquera outra Consellería cando a ordenación proposta afecte a bens ou intereses da súa titularidade ou cando a lexislación sectorial correspondente o esixa.

2. Administración Local:

- Deputación provincial de Pontevedra.

- Concellos de Lalín, Vila de Cruces, A Estrada, Forcarei e Boqueixón.

8.2. Público interesado

Considérase público interesado afectado pola aprobación do PXOM, de acordo co disposto no artigo 10.2 da Lei 9/2006, do 28 de abril:

1. Toda persoa física ou xurídica na que concorra alguma das circunstancias previstas no artigo 31 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As persoas xurídicas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 10.2 b) da Lei 9/2006, do 28 de abril, entre outros:

- Federación ecoloxista galega.*
- Asociación para a defensa ecolóxica de Galicia.*
- Asociación Galicia non se vende.*
- Asociación ecoloxista Verdegaia.*
- Asociación ecoloxista Amigos da Terra.*

- Grupo de Desenvolvimento Rural Terras do Deza.
- Cámara Oficial Mineira de Galicia.
- Fundación Galicia Sustentable.

Esta fase de consultas e a posta a disposición do público do documento aprobado inicialmente, farase durante un prazo de dous meses para o seu exame e formulación de observacións. Será nominal para as Administracións públicas e o público interesado relacionado anteriormente e realizarase mediante inserción dos correspondentes anuncios, que se publicarán na forma que determine a legislación reguladora do procedemento de aprobación do Plan, para calquera outra persoa física ou xurídica que puidese estar comprendida como público interesado, segundo a definición dada polo artigo 10.2 da Lei 9/2006, do 28 de abril.

8.3. Informe de participación e consultas

O órgano promotor responderá de xeito motivado ás observacións e alegacións que se formulen durante o período de información e consultas, incluídos os informes sectoriais recibidos, e elaborará un documento no que se describa o procedemento seguido e se xustifique como se tomaron en consideración.

Esta descripción do procedemento incluirá:

- Datas de publicación dos anuncios da exposición pública e o período no que se realizou.
- Relación dos informes sectoriais solicitados e das consultas (administracións públicas e público interesado) establecidas neste DR, obtivesen ou non resposta, indicando expresamente cales foron atendidas e cales non e o número total de alegacións, indicando cantas foron integradas na súa totalidade, cantas denegadas e cantas integradas parcialmente.
- Copia dos informes sectoriais recibidos e das alegacións, non sendo necesario en principio, achegar copia das alegacións presentadas por particulares “.

4º O concello , unha vez transcurrido o período de consultas e información pública, e con carácter previo á aprobación provisional enviará ó órgano ambiental a documentación completa do plan que tome en consideración o informe de sostenibilidade ambiental, as alegacións e os informes presentados no período de consultas, así como unha propuesta de memoria ambiental de conformidad con lo dispuesto en el artículo 12 de la Ley 9/2006, de 28 de abril, sobre evaluación dos efectos de determinados planes e programas no medio ambiente. Deberá tamén enviar os informes sectoriais e un informe sobre o proceso de participación pública.

O órgano ambiental no plazo de dous meses dende a recepción da documentación completa elaborará a memoria ambiental .

A memoria ambiental conterá as determinacións finais que deban incorporarse á proposta do plan.

5º Cumplidos os trámites sinalados nos apartados precedentes, o Pleno do concello aprobará provisionalmente o contenido do plan coas modificacións que foran pertinentes e o someterá, co expediente completo debidamente dilixenciado, ó órgano

autonómico competente que haxa de outorgar a aprobación definitiva (consellería competente en materia de urbanismo y ordenación do territorio , art. 89,1º LOUGA) .

6º Notificar estes acordos á Administración do Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia, en aplicación da normativa patrimonial, en caso de bens da súa titularidade afectados :

- Ley 33/2003, 3 de noviembre, de patrimonio de las Administraciones públicas.
- RD 1373/2009, 28 de agosto, reglamento general de la Ley 33/2003, 3 de noviembre, del patrimonio de las Administraciones públicas.
- Ley 5/2011 , 30 de septiembre, del patrimonio de la Comunidad Autónoma de Galicia.

Será dilixenciado pola secretaria xeral para constancia do seu contido.

(Contido : Constan tres caixas con varios volúmenes en cada una de ellas; estas caixas se identifican externamente así :

- “EPTISA . Concello de Silleda. Pontevedra. Plan Xeral de Ordenación Municipal. Caixa Tomo I de III. Aprobación inicial . Novembro 2012.”
- “ EPTISA. Concello de Silleda. Pontevedra. Plan Xeral de Ordenación Municipal. Caixa Tomo II de III. Aprobación inicial . Novembro 2012.”
- “EPTISA. Concello de Silleda. Pontevedra. Plan Xeral de Ordenación Municipal. Caixa. Tomo III de III. Aprobación inicial . Novembro 2012.”.

Resultando identificados así :

Caixa tomo I de III :

- Doc. I.-Memoria xustificativa dos seus fins e obxectivos.
(Volume 1 de 1)
- Doc. II.-Estudo do medio rural
(Volume 1 de 1)
- Doc. VI.-Normas urbanísticas
(Volume 1 de 1)
- Doc. VII.-Estratexia de actuación e Doc. VIII.- Estudo económico
(Volume 1 de 1)
- Doc. IX.-Catálogo de elementos a protexer ou recuperar
(Volume 1 de 3)
- Doc. IX.-Catálogo de elementos a protexer ou recuperar
(Volume 2 de 3)
- Doc. IX-Catálogo de elementos a protexer ou recuperar
(Volume 3 de 3)
- Doc. X.-Informe de sustentabilidade ambiental.
(Volume 1 de 1)
- Doc. XI.-Informe ou memoria de sustentabilidade económica.

(Volume 1 de 1)

Caixa Tomo II de III :

- Doc. IV.-Planos de información
(Volume 1 de 1)
- Doc. V.-Planos de ordenación urbanística
(Volume 1 de 2, e volume 2 de 2)

Caixa Tomo III de III :

- Doc. III.-Análise do modelo de asentamento poboacional
(Volume 1 de 3)
- Doc. III.-Análise do modelo de asentamento poboacional
(Volume 2 de 3)
- Doc. III.-Análise do modelo de asentamento poboacional
(Volume 3 de 3) Planos

(DILIXENCIA DE FE PÚBLICA: A EFECTOS DE DILIXENCIAR A DOCUMENTACIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE SILLEDA APROBADO INICIALMENTE mediante o presente acordo :

- Consta “Documentación administrativa” referida á tramitación efectuada para aprobación do Plan Xeral Municipal do Concello de Silleda.
Será dilixenciada pola secretaria xeral do concello, para constancia do seu contido.
- Consta “Documentación técnica” elaborada por EPTISA , para aprobación do Plan Xeral Municipal do Concello de Silleda, en tres caixas con varios volúmenes en cada una de ellas; estas caixas se identifican externamente así :

 - “EPTISA . Concello de Silleda. Pontevedra. Plan Xeral de Ordenación Municipal. Caixa Tomo I de III. Aprobación inicial . Novembro 2012.”
 - “ EPTISA. Concello de Silleda. Pontevedra. Plan Xeral de Ordenación Municipal. Caixa Tomo II de III. Aprobación inicial . Novembro 2012.”
 - “EPTISA. Concello de Silleda. Pontevedra. Plan Xeral de Ordenación Municipal. Caixa. Tomo III de III. Aprobación inicial . Novembro 2012.”.

Resultando identificados así :

Caixa tomo I de III :

- Doc. I.-Memoria xustificativa dos seus fins e obxectivos.
(Volume 1 de 1)
- Doc. II.-Estudo do medio rural

(Volume 1 de 1)

- Doc. VI.-Normas urbanísticas
(Volume 1 de 1)
- Doc. VII.-Estratexia de actuación e Doc. VIII.- Estudo económico
(Volume 1 de 1)
- Doc. IX.-Catálogo de elementos a protexer ou recuperar
(Volume 1 de 3)
- Doc. IX.-Catálogo de elementos a protexer ou recuperar
(Volume 2 de 3)
- Doc. IX-Catálogo de elementos a protexer ou recuperar
(Volume 3 de 3)
- Doc. X.-Informe de sustentabilidade ambiental.
(Volume 1 de 1)
- Doc. XI.-Informe ou memoria de sustentabilidade económica.
(Volume 1 de 1)

Caixa Tomo II de III :


- Doc. IV.-Planos de información
(Volume 1 de 1)
- Doc. V.-Planos de ordenación urbanística
(Volume 1 de 2, e volume 2 de 2)

Caixa Tomo III de III :

- Doc. III.-Análise do modelo de asentamento poboacional
(Volume 1 de 3)
- Doc. III.-Análise do modelo de asentamento poboacional
(Volume 2 de 3)
- Doc. III.-Análise do modelo de asentamento poboacional
(Volume 3 de 3) Planos

Será dilixenciada pola secretaria xeral do concello, para constancia do seu contido.

E para que conste, expido a presente, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Silleda, o sete de outubro de dous mil quince.


 Vº E PRACE,
 O ALCALDE,
 Asdo. Manuel Cuiña Fernández


 O SECRETARIO XERAL
 Asdo. Manuel Quintáns Queiruga

MANUEL QUINTÁNS QUEIRUGA, EN CALIDADE DE SECRETARIO XERAL DO CONCELLO DE SILLEDA (PONTEVEDRA), POR MEDIO DA PRESENTE

CERTIFICO:

Que, o **Pleno da Corporación**, en sesión ordinaria celebrada o **día vintetres de xullo de dous mil trece**, por unanimidade aprobou o seguinte acordo:

6.8 MOCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE A RECTIFICACIÓN DA APROBACIÓN INICIAL DO PXOM NO TOCANTE Á SUSPENSIÓN DE LICENZAS.

Procede o secretario á lectura da proposta da Alcaldía de 23 de xullo de 2013 que é a seguinte:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

O pleno en sesión extraordinaria celebrada o día 18 de decembro de 2012 adoptou o acordo de aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Na parte dispositiva do acordo acordaba a suspensión de licenzas naqueles ámbitos do territorio obxecto do planeamento cuxas novas determinación supoñan modificación da ordenación urbanística vixente, a este efectos determinarase expresamente as áreas afectadas pola suspensión acordándose que procede a suspensión de licenzas de obra maior en torno o término municipal salvo:

- No polígono Industrial área 33 (fases A e B)
- En solo rústico, en canto a ampliación de estabulacións existentes da Disposición Transitoria Décimoprimeira da L 9/2002 LOUGA.

Debido á existencia de contradiccións no acordo procede aclarar onde quedan suspendidas as licenzas e onde non de conformidade co establecido na lei.

Visto o escrito e plano remitido polo equipo redactor propone ao pleno rectificar o acordo plenario adoptado quedando redactado do seguinte xeito:

As áreas afectadas pola suspensión, que se atopan delimitadas no plano adxunto, serán os solos urbanos de Silleda e Bandeira, o solo urbanizable delimitado industrial e os núcleos rurais. Para os solos clasificados como rústico de protección ordinaria e o polígono industrial da área 33 non se suspenden as licenzas. Para o restante solo do concello clasificado polo Plan Xeral, suspenderanse as licenzas naqueles casos en que as determinacións do PXOM supoñan modificación da ordenación urbanística vixente.

Rematada a lectura procédese a unha primeira quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Espiño Espantoso dicindo que están más ou menor de acordo pero que teñen unha pequena dúbida. Pregunta a Sra. Penela Mato se dende a data de aprobación inicial do PXOM que foi en decembro ata que marchou a secretaría

anterior se concedeu algúna licenza. Ao que desposta o Secretario que as licenzas de obra maior que se concederon estando el se refiren a ampliación de estabulacións existentes e aquelas sitas na área 33.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre que manifesta en primeiro lugar que tivo que esperar un retraso de 20 minutos para que escomenzase a sesión e que non recibiu ningunha advertencia que xustificase iso, que cando chegou a documentación pudieron avisalo como recoñece o voceiro do PP que el sí foi obxecto de aviso, que parece existir unha pinza PP e PSOE e que non sabe que se pretende con iso, que se os 20 minutos de retraso da sesión se deberon a este tema pide que se desconte proporcionalmente a indemnización por asistencia. Que o tema lle parece lóxico pero que non entende porqué non se lle facilitou a documentación.


Intervén a Sra. Fernández Pena quen dí que conseguiron que o equipo redactor remitira onto a documentación e que lle enviou unha mensaxe ao Sr. Rodríguez da Torre no que dicía se podía enviarle un mail actualizado para remitir a documentación do PXOM e que a súa contestación foi que está todo presentado nas alegacións do PXOM. Esta é unha aclaración para facilitar aos cidadáns que poidan consultar se as súas parcelas atópanse en suspensión ou non e que o acordo adoptado no seu día dicía onde non estaban suspendidas as licenzas cando o acordo a adoptar tal e como sinala a legislación consiste en indicar aqueles ámbitos onde existe suspensión de licenzas por novas determinacións.


Intervén o Sr. Rodríguez da Torre quen dí que é mentira, da lectura á mensaxe recibida e dí que a mensaxe debe ser que chegou a documentación, que a documentación tiña que repartirse a todos os concelleiros antes do pleno.

O Alcalde dílle que pase o seu correo cando se lle pide ao que o Sr. Rodríguez da Torre quen resposta que o teñen todos secretaría, intervención tesourería etc.

Sometida a proposta a votación esta é aprobada por unanimidade nos termos en que foi presentada.

E para que conste, expedido a presente, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Silleda, o sete de outubro de dous mil quince.

Vº E PRACE,
 O ALCALDE,

 Asdo. Manuel Cuiña Fernández

O SECRETARIO XERAL

 Asdo. Manuel Quintáns Queiruga